	LCB5.5.2. Memoriza e reproduce textos orais adecuados á súa idade: contos, poemas, cancións.
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	<p>LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.</p> <p>LCB3.3.2. Reproduce textos ditados, logo de identificar o sentido global e a información específica neles.</p>
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente.	<p>LCB1.3.2. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> -diálogos -exposicións orais seguindo modelos e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación.
B1.7. Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos: atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).	LCB1.7.2. Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos(narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar)
B1.8. Utilizar de xeito efectivo a linguaxe oral: escoitar, recoller datos, preguntar e repreguntar, participar nas enquisas e entrevistas e expresar oralmente con claridade o propio xuízo persoal, de acordo á súa idade.	LCB1.8.2. Participa en enquisas e entrevistas, asegurándose mediante preguntas adecuadas, da comprensión propia e por parte da persoa interlocutora.
B1.9. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de outras persoas.	<p>LCB1.9.1. Resume entrevistas, noticias e debates infantís...procedentes da radio, televisión e da internet.</p> <p>LCB1.9.2. Transforma en noticias feitos cotiás próximos á súa</p>

	<p>realidade, imitando modelos.</p> <p>LCB1.9.3. Realiza entrevistas e reportaxes sobre temas de interese, seguindo modelos.</p>
B2.6. Identificar a estrutura organizativa de diferentes textos lidos, centrándose na interpretación.	<p>LB2.6.1. Identifica a intención comunicativa de textos xornalísticos e publicitarios. Diferenza entre información e publicidade.</p> <p>LCB2.6.2. Interpreta a linguaxe figurada, en textos publicitarios.</p>
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	<p>LCB3.3.4. Redacta o texto e revísao para melloralo, utilizando borradores que amosan: a xeración e selección de ideas, a revisión ortográfica e da secuencia coherente do escrito.</p>
B3.8. Escribir os textos establecidos no plan de escritura.	<p>LCB3.8.1. Produce os textos establecidos no plan de escritura axeitados á súa idade e nivel.</p>
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	<p>LCB4.2.4. Utiliza diversos conectores básicos entre oracións nos textos orais e escritos.</p>
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos.	<p>LCB4.3.3. Utiliza as normas ortográficas axeitadas ao nivel e aplícaas nas súas producións escritas.</p>
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	<p>LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír un discurso sinxelo nos diferentes tipos de producións.</p>
B2.7. Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	<p>LCB2.7.1. Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.</p>
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	<p>LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis...facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mellorar a súa presentación.</p>

B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos.	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, utilizando de xeito habitual, unha linguaxe non sexista e respectuosa coas diferenzas.
B3.2. Valorar a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.	LCB3.2.1. Valora a súa propia produción escrita, así como a produción escrita dos seus compañeiros.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.2. Recoñece palabras compostas, prefixos e sufixos e crea palabras derivadas. LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
B5.2. Integrar a lectura expresiva, a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos básicos da linguaxe literaria e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros.	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual. LCB5.2.2. Interpreta a linguaxe figurada, en textos literarios.
B5.5. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade ou de produción propia.	LCB5.5.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade ou de produción propia.
B5.6. Participar con interese en dramatizacións de textos literarios adaptados á idade.	LCB5.6.1. Realiza dramatizacións individualmente e en grupo de textos literarios axeitados á súa idade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

LINGUA GALEGA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<p>B2.1. Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variados (webs infantís, libros, carteis) e iniciar a realización de inferencias para determinar intencións e dotes sentidos bastante evidentes.</p>	<p>LGB2.1.1. Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás.</p> <p>LGB2.1.2. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo).</p> <p>LGB2.1.3. Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo, deducindo o significado de palabras e expresións polo contexto.</p> <p>LGB2.1.4. Interpreta, personificacións, hipérboles, ironías e dotes sentidos en textos.</p> <p>LGB2.1.5. Identifica a estrutura dun texto e recoñece algúns mecanismos de cohesión (repeticións, sinónimos, anáforas).</p> <p>LGB2.1.6. Identifica o punto de vista do autor ou autora e diferencia, de maneira xeral, información, opinión e publicidade de carácter bastante evidente.</p> <p>LGB2.1.7. Emprega o dicionario para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos.</p> <p>LGB2.1.8. Fai unha lectura rápida, selectiva ou integral en función das necesidades de cada momento.</p>
<p>B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido.</p>	<p>LGB2.3.1. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo.</p>

	<p>LGB2.3.2. Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias.</p> <p>LGB2.3.3. Realiza o resumo dun texto sinxelo.</p>
B2.4. Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura.	<p>LGB2.4.1. Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.</p> <p>LGB2.4.2. Relé un texto e marca as palabras clave para acadar a comprensión integral, cando é preciso.</p>
B2.6. Realizar diferentes tipos de lectura.	LGB2.6.1. Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.	<p>LGB2.7.1. Descodifica con precisión e rapidez as palabras.</p> <p>LGB2.7.2. Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p> <p>LGB2.7.3. Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.</p> <p>LGB2.7.4. Le en voz alta adaptándose ao interese do auditorio: gozar escoitando, obter nova información...</p> <p>LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>
B2.10. Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	LGB2.10.1. Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.
B2.11. Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.	<p>LGB2.11.1. Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.</p> <p>LGB2.11.2. Expresa, de maneira sinxela, opinións e valoracións sobre as lecturas feitas.</p>
B2.12. Analizar textos sinxelos escritos en diferentes variedades	LGB2.12.1. Identifica, de maneira global, as diferenzas lingüísticas,

<p>da lingua galega.</p>	<p>bastante evidentes, das variedades da lingua galega.</p> <p>LGB2.12.2. Valora a variedade interna da lingua como símbolo de riqueza lingüística e cultural, así como o estándar como variante unificadora.</p>
<p>B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.</p>	<p>LGB2.5.3. Utiliza dicionarios dixitais para interpretar a información dun texto.</p> <p>LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.</p>
<p>B5.1 escoitar, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega e da literatura galega en xeral.</p>	<p>LGB5.1.1. escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refróns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos, cantigas) e da literatura galega en xeral.</p> <p>LGB5.1.2. Valora os textos da literatura oral galega como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.</p>
<p>B1.9. Reforzar a eficacia comunicativa das súas mensaxes orais, coa utilización de elementos propios da linguaxe non verbal.</p>	<p>LGB1.9.1. Utiliza a expresividade corporal: miradas e postura corporal para reforzar o sentido das súas producións orais.</p>
<p>B4.8. Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p>	<p>LGB4.8.1. Coñece, de xeito xeral, as características máis relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega.</p> <p>LGB4.8.2. Identifica e valora a lingua galega dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.</p>
<p>B4.9. Establecer relacións elementais entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado.</p>	<p>LGB4.9.1. Recoñece, de forma xeral, e evita as interferencias entre as linguas que está a aprender.</p> <p>LGB4.9.2. Identifica diferenzas, regularidades e semellanzas, ortográficas e léxicas entre todas as linguas que coñece e/ou está a aprender, como punto de apoio para a súa aprendizaxe.</p>

B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
B1.1. Comprender textos orais sinxelos procedentes da radio, da televisión ou da internet, identificando os aspectos xerais máis relevantes así como as intencións, valores e opinións explícitos.	LGB1.1.1. Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou de internet, identifica o tema e elabora un resumo. LGB1.1.2. Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo, distinguindo, de maneira xeral, información de opinión.
B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.	LGB1.2.1. Accede a documentos audiovisuais e dixitais, para obter, seleccionar e clasificar, con certa autonomía, a información relevante e necesaria para realizar traballos ou completar información, valorando os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. LGB1.2.2. Elabora textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación.
B1.3. Interpretar correctamente a retranca, a ironía e os dobres sentidos, en situacións de comunicación nas que estes resulten bastante evidentes.	LGB1.3.1. Interpreta en producións orais a retranca, a ironía e os dobres sentidos
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.2. Sigue unha exposición da clase e extrae, de xeito global, as ideas máis destacadas. LGB1.4.5. Identifica o grao de formalidade da situación de comunicación e axusta a este a súa produción.
B1.5. Manter unha actitude de escoita activa, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.5.1. Atende as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper. LGB1.5.2. Respecta as opinións dos e das demais.
B1.6. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.6.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais. LGB1.6.2. Respecta as opinións das persoas participantes nos

	<p>intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.</p> <p>LGB1.6.3. Emprega unha postura e xestualidade adaptada ao discurso, para reforzalo e facilitar a súa comprensión.</p> <p>LGB1.6.4. Exprésase cunha pronuncia e dicción correctas: articulación, ritmo, entoación e volume.</p> <p>LGB1.6.5. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>
<p>B1.7. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.</p>	<p>LGB1.7.1. Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.</p> <p>LGB1.7.2. Elaboro un discurso oral cohesivo, utilizando nexos básicos adecuados.</p> <p>LGB1.7.3. Emprega o rexistro lingüístico (formal ou informal) adecuado a cada contexto.</p> <p>LGB1.7.4. Amosa un discurso oral fluído, claro, cunha pronuncia e entoación axeitada e propia da lingua galega.</p>
<p>B1.11. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.</p>	<p>LGB1.11.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.</p>
<p>B1.12. Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.</p>	<p>LGB1.12.1. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB1.12.2. Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.</p>
<p>B1.13. Recoñecer, de maneira global, e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega.</p>	<p>LGB1.13.1. Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades dialectais moi evidentes da lingua galega.</p> <p>LGB1.13.2. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega como</p>

	<p>un símbolo de riqueza lingüística e cultural e o estándar como variante unificadora.</p>
<p>B1.14. Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso oral.</p>	<p>LGB1.14.1. Identifica a lingua galega oral con calquera contexto profesional: sanidade, educación, medios de comunicación...</p> <p>LGB1.14.2. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.</p>
<p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p>LGB3.1.1. Planifica a elaboración do texto, antes de comezar a escribir, xerando ideas, seleccionando e estruturando a información, mediante notas, esquemas ou guións.</p> <p>LGB3.1.2. Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesión, de maneira xeral, os enunciados.</p> <p>LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB3.1.5. Escribe e presenta textos propios elaborando borradores.</p> <p>LGB3.1.6. Usa o dicionario durante a elaboración de textos.</p>
	<p>LGB3.2.3. Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) seguindo un guión establecido e adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.</p> <p>LGB3.2.4. Escribe textos coherentes e empregando algúns elementos básicos de cohesión, usando o rexistro adecuado.</p>

	LGB3.2.5. Resume o contido de textos sinxelos propios do ámbito da vida persoal ou familiar ou dos medios de comunicación.
B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.	LGB3.7.1. Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica, separación entre parágrafos, interliñado... en calquera soporte. LGB3.7.2. Valora a lingua escrita como medio de comunicación.
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.3. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras polisémicas de uso frecuente, frases feitas, siglas e abreviaturas.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.4. Identifica e clasifica os diferentes tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo.
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.1. Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.3. Iníciase na elaboración de pequenas exposicións orais na aula adecuando o discurso ás diferentes necesidades comunicativas (narrar, describir e expoñer), utilizando o dicionario se é preciso.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para obter, organizar e comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora textos escritos propios do ámbito académico (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións...) para obter, organizar e comunicar información.
B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.

	<p>LGB5.3.2. Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas.</p> <p>LGB5.3.4. Identifica os temas recorrentes na literatura.</p>
B5.4. Recrear e compoñer poemas e relatos sinxelos a partir de modelos dados.	LGB5.4.1. Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos sinxelos, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo e lembranzas.
B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.	LGB5.3.1. Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.1. Elabora, en diferentes soportes, textos propios da vida cotiá e académica, imitando modelos: cartas e correos electrónicos, mensaxes curtas, normas, notas e invitacións.
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.2. Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición.
B4.3. Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas.	LGB4.3.1. Emprega con corrección os signos de puntuación, facendo unha valoración dos resultados.
B1.4. Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.4.1. Participa axeitadamente nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e intervindo coas propostas propias.

B1.8. Elaborar textos orais sinxelos propios dos medios de comunicación.	LGB1.8.1. Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.
B3.2. Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións relacionadas con situacións cotiás e aqueles que sexan característicos dos medios de comunicación.	LGB3.2.2. Redacta textos xornalísticos (noticias, crónicas, reportaxes, entrevistas) e (anuncios e carteis), imitando modelos publicitarios moi sinxelos.
B5.5. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios.	LGB5.5.1. Participa activamente en dramatizacións de textos literarios.
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

E. PLÁSTICA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Distinguir as diferenzas fundamentais entre as imaxes fixas e en movemento, clasificándoas seguindo patróns aprendidos.	EPB1.1.1. Recoñece as imaxes fixas e en movemento e clasifícaas.
	EPB1.1.2. Debuxa aspectos da vida cotiá.
B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.
	EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.
B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.
	EPB2.1.2. Busca un cartel e confecciona o seu propio anuncio.
B2.3. Imaxinar, debuxar e elaborar obras tridimensionais con diferentes materiais.	EPB2.3.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas.
	EPB2.3.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volume.
	EPB2.3.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.
	EPB2.3.4. Combina e analiza as cores para as utilizar correctamente na composición.
	EPB2.3.5. Aproveita a diferenza das texturas achegadas polos lapis de cores e as ceras.
	EPB2.3.6. Constrúe obxectos tridimensionais.
B2.2. Realizar planos, mapas e carteis, individualmente e en grupo; manexando as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB2.2.1. Confecciona planos, e mapas simples coa axuda das ferramentas básicas, individualmente e en grupo.
	EPB2.2.2. Utiliza e manexa os elementos que estruturan o espazo gráfico (cuadrícula).
	EPB2.2.3. Participa nas actividades propostas e amosa interese por elas, colaborando sempre que se trate dun traballo en grupo

B1.3. Aproximarse á lectura, análise e interpretación da arte e as imaxes fixas e en movementos nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo, de maneira crítica, o significado e función social, sendo capaz de elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.	EPB1.3.1 . Coñece a evolución da fotografía desde o branco/negro á cor, do formato papel ao dixital, e valora as posibilidades que proporciona a tecnoloxía.
	EPB 1.3.2. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando, a posteriori, se o encadre é o máis axeitado para o propósito inicial.
	EPB 1.3.3. Recoñece os diferentes temas da fotografía.
B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.
	EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
	EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.
	EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénero de obras plásticas.
	EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquejo.
B2.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.
	EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
	EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.
B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.
	EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.
	EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.

B3.1. Coñecer e utilizar as ferramentas básicas do debuxo xeométrico.	EPB3.1.1 Coñece e usa as principais ferramentas básicas do debuxo xeométrico (regra, escuadro, cartabón, semicírculo etc.)
	EPB3.1.2. Utiliza o trazado de rectas paralelas.
	EPB3.1.3. Traza ángulos rectos, de 30 e de 60 graos utilizando as ferramentas básicas.
	EPB3.1.4. Manexa os efectos visuais da perspectiva para debuxar triángulos e cuadriláteros.
	EPB3.1.5. Representa e aplica adecuadamente o eixe de simetría.
	EPB3.1.6. Representa formas xeométricas con precisión e coa axuda da cuadrícula e as ferramentas básicas.
B2.6. Amosar interese polo traballo, apreciando e valorando a correcta realización de actividades e a presentación.	EPB2.6.1. Completa e realiza os debuxos utilizando os coñecementos aprendidos.
	EPB2.6.2. Presenta as tarefas con orde e limpeza respectando as normas e indicacións establecidas.
	EPB2.6.3. Amosa interese polo traballo e a aplicación, apreciando a correcta realización dos exercicios e actividades.
B2.1. Experimentar coas imaxes como unha ferramenta para deseñar documentos de información e comunicación (carteis, guías, folletos etc.)	EPB2.1.1. Realiza composicións que transmitan emocións e sensacións básicas, utilizando distintos elementos e recursos para os axustar ás necesidades.
B2.4. Representa, de forma persoal, ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.	EPB2.4.1. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, cores e tamaños axeitados.
	EPB2.4.2. Organiza os espazos das súas producións bidimensionais, utilizando conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.
	EPB2.4.3. Analiza e compara as texturas naturais e artificiais, así como as texturas visuais e táctiles, sendo capaz de realizar traballos artísticos utilizando estes coñecementos.
	EPB2.4.4. Distingue o tema ou xénerode obras plásticas.
	EPB2.4.5. Realiza imaxes humanas, animais e casas, partindo dun bosquejo.

B2.7. Utilizar e manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información, investigación e deseño.	EPB2.7.1. Emprega as novas tecnoloxías para se iniciar no deseño dixital, no tratamento de imaxes ou na animación.
.5. Participar con interese, coidando e respectando o material, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, respectando as normas e as regras previamente establecidas.	EPB2.5.1. Valora os elementos e os recursos empregados para conseguir o efecto que máis se axuste ao resultado final.
	EPB2.5.2. Coida e respecta os materiais, os utensilios e os espazos utilizados.
	EPB2.5.3. Participa e amosa interese polas actividades propostas, colaborando na recollida e na organización do material.
B1.2. Identificar e describir os materiais, utensilios e soportes, texturas, formas e cores; comprobando as posibilidades que achegan para a creación artística.	EPB1.2.1. Identifica os recursos e os materiais utilizados para elaborar unha obra.
	EPB1.2.2. Analiza as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores aplicadas sobre diferentes soportes.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2.Estruturar un pensamento efectivo e independente empregando as emocións de forma positiva.	VSCB1.2.1.Utiliza, de xeito guiado, estratexias de reestruturación cognitiva.
	VSCB1.2.2.Aplica o autocontrol á toma de decisión e á resolución de conflitos.
	VSCB1.2.3.Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.
B1.5.Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común. B1.6.Propoñerse desafíos e levalos a cabo mediante unha toma de decisión persoal, meditada e responsable, desenvolvendo un bo sentido do compromiso respecto a un mesmo e ás demais persoas	VSCB1.5.1Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.
	VSCB1.5.2.Define e formula claramente problemas de convivencia e achega solucións potencialmente efectivas. VSCB1.6.1.Identifica vantaxes e inconvenientes dunha posible solución antes de tomar unha decisión ética.
B1.3.Desenvolver o propio potencial, mantendo unha motivación intrínseca e esforzándose para o logro de éxitos individuais e compartidos.	VSCB1.3.1.Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo e asumindo compromisos para a consecución de obxectivos. VSCB1.3.2.Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas, expresando propostas de mellora.
B3.1Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.	VSCB3.1.2.Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
B3.3.Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.1.Argumenta a necesidade de que existan normas de convivencia nos diferentes espazos de interacción social.
	VSCB3.3.2.Participa na elaboración das normas da aula.

	VSCB3.3.3.Respecta as normas do centro escola
<p>B3.11.Respectar os valores socialmente recoñecidos, coñecendo e apreciando os valores do Estatuto de autonomía e da Constitución española e os Dereitos e Deberes do Estatuto de autonomía e da Constitución española. Coñecer as institucións, organización e servizos públicos que garanten os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás no seu contorno.</p> <p>B3.12.Coñecer e expresar as notas características da convivencia democrática e a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática realizando razoamentos críticos.</p>	VSCB3.11.1.Reflexiona sobre os dereitos e deberes da Constitución Española.
	VSCB3.11.2.Expresa a importancia de garantir os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás do seu contorno.
	VSCB3.11.3.Participa no benestar da contorna próxima baseándose nos dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás.
	VSCB3.12.1.Expresa as notas características da convivencia democrática.
	VSCB3.13.3.Argumenta a importancia dos valores cívicos na sociedade democrática.
<p>B2.1.Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.</p>	VSCB2.1.1.Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, para expresar con coherencia opinión, sentimentos e emocións.
	VSCB2.1.2.Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais e debates.
<p>B2.6.Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.</p>	VSCB2.6.1Interacciona con empatía.
	VSCB2.6.2 Emprega diferentes habilidades sociais.
<p>B3.1Resolver problemas en colaboración, poñendo de manifesto unha actitude aberta cara aos demais e compartindo puntos de vista e sentimentos.</p>	VSCB3.1.1Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.
<p>B3.2 Traballar en equipo favorecendo a interdependencia positiva e amosando condutas solidarias.</p>	VSCB3.2.2Amosa boa disposición para ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.
	VSCB 3.2.2Recorre ás estratexias de axuda entre iguais.
	Respecta as regras durante o traballo en equipo.
<p>B3.3Participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática transformando o conflito en oportunidade, coñecendo e empregando as fases da mediación e usando a</p>	VSCB3.4.1Resolve os conflitos de modo construtivo.
	VSCB3.4.2 Sigue as fases da mediación en situacións reais e simulacións.

linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos persoais.	VSCB3.4.3 Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos, intencións e posicionamentos nas relacións interpersoais.
	VSCB3.4.4 Analiza as emocións, sentimentos, posibles pensamentos e puntos de vista das partes en conflito.
B2.7 Actuar con tolerancia comprendendo e aceptando as diferenzas.	VSCB2.7.1 Comprende e aprecia positivamente as diferenzas culturais.
B2.8 Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.8.1 Forma parte activa das dinámicas do grupo.
	VSCB2.8.2 Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.
	VSCB2.8.3 Consegue a aceptación dos compañeiros e compañeiras.
	VSCB2.8.4 Expón en historias creativas as características da relación da amizade.
B3.9 Comprender a declaración da igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, aplicándoa á análise do contorno social. B3.10 Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidades de homes e mulleres.	VSCB3.9.1 Argumenta e expón mediante imaxes a importancia de garantir a igualdade de dereitos e a non discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
	VSCB3.9.2 Descubre e axuíza criticamente casos próximos de desigualdade e discriminación.
	VSCB3.10.1 Axuíza criticamente actitudes de falta de respecto á igualdade de oportunidades de homes e mulleres.
	VSCB3.10.2 Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.
	VSCB3.10.3 Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.
	VSCB3.10.4 Colabora con persoas doutro sexo en diferentes situacións escolares.
B3.14 Empregar as novas tecnoloxías desenvolvendo valores sociais e cívicos en contornos seguros.	VSCB3.14.1 Realiza un uso ético das novas tecnoloxías.
	VSCB3.14.2 Coñece o emprego seguro das novas tecnoloxías
B3.15 Valorar as normas de seguridade viaria, analizando as causas e consecuencias dos accidentes de tráfico.	VSCB3.15.1 Colabora en campañas escolares sobre a importancia e a promoción do respecto das normas de educación viaria.
	VSCB3.15.2 Analiza información na prensa en relación cos accidentes de tráfico.

	VSCB3.15.3 Investiga sobre as principais causas dos accidentes de tráfico coa axuda das novas tecnoloxías.
	VSCB3.15.4 Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.
B3.17 Contribuír á conservación do medio ambiente mantendo unha actitude crítica ante as faltas de respecto.	VSCB3.13.1 Analiza, explica e expón as causas e consecuencias da intervención humana no medio.
	VSCB3.13.2 Investiga criticamente a intervención humana no medio ambiente e comunica os resultados.
	VSCB3.13.3 Argumenta comportamentos de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio ambiente.
Avaliación da materia.	Aplica os coñecementos adquiridos na materia.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Avaliación das tarefas elaboradas diariamente para que sexan realizadas e enviadas polos alumnos. Terán máis peso aspectos como a participación, o esforzo, o interese, a organización-autonomía, considerando o erro como parte da aprendizaxe (volvo a repasar e intento mellorar).</p> <p>Avaliación das actividades online nos libros de texto dixitais.</p> <p>Análise do contido da mensaxería Edixgal: Contacto persoa-persoa entre o alumnado e a titora. Mediante o contido das mensaxes pódese valorar de quen e como recibe axuda, se tenta facer as cousas de seu, etc. Constitúe un auténtico feedback.</p> <p>Análise dos foros e muros colaborativos. Sitios seguros dentro da plataforma Edixgal onde poden compartir de xeito visible algúns traballos, experiencias, emocións, preocupacións, etc. Proporcionan cohesión de grupo.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Rexistro de control de tarefas e actividades dos libros dixitais.</p> <p>Rexistro de control de participación nos muros e foros.</p> <p>Mensaxería Edixgal.</p> <p>Enquisa ao alumnado.</p> <p>Enquisa ás familias.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final calcularase en base á media entre as cualificacións da 1ª e 2ª avalacións, e poderase sumar ata un punto, valorando o traballado no periodo lectivo durante o confinamento. A valoración deste traballo será sempre positiva, en ningún caso vai contar en negativo.</p> <p>Para acadar este punto extra completo valorarase:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Entrega das tarefas e actividades: ata un máximo de 0'50 puntos: <ul style="list-style-type: none"> _ 0'50 puntos si entrega entre o 75% e o 100% dos traballos. _ 0'25 puntos si entrega entre o 50% e o 75% dos traballos. _ 0'00 puntos si entrega menos do 50% dos traballos. • Participación activa, interese, bo desempeño: ata un máximo de 0'50 puntos.
Proba extraordinaria de setembro	Non procede.
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Non hai alumnado con materias pendentes.</p> <p>Criterios de cualificación: Non hai alumnado con materias pendentes.</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: Non hai alumnado con materias pendentes.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Maioritariamente propóñense actividades de repaso das aprendizaxes e competencias traballados nos dous primeiros trimestres. Tamén hai actividades de ampliación referidas aos aprendizaxes antes nomeados, orientadas a traballar as competencias necesarias para unha adecuada progresión do alumnado.</p> <p>As actividades que se propoñen son para traballar aspectos específicos de cada materia, pero tamén se propoñen moitas que teñen un carácter globalizado. Tamén se inclúen actividades relacionadas coas conmemoracións que estaban programadas na PXA.</p> <p>Todo o traballo realizado precisa dunha competencia en TIC que o alumnado vai adquirindo.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>O 100% do alumnado de 5ºEP ten equipamento Edixgal e ten conectividade, se ben é certo que a calidade da mesma varía dunhas familias a outras.</p> <p>As actividades prográmanse diariamente na plataforma Edixgal. Optouse por organizar o traballo en carpetas, unha por día, que as titoras van elaborando e subindo para que á primeira hora da mañá estean preparadas para empezar a traballar, según o horario que cada familia marca de xeito flexible. Dentro de cada carpeta hai sempre un documento especificando as materias a traballar ese día, así como as actividades e as instrucións específicas para realizalas se fixeran falta. Ademais no interior da carpeta inclúese todo aquel material que se precisa para as actividades (fichas, tutoriais, exemplos) Non se sigue o horario de clase. Sendo a titora a mestra que imparte a maioría das materias, optamos pola fórmula de traballar en dúas de elas cada día, para non saturar. Algúns días propóñense ademais actividades de participación no foro e muros interactivos de natureza máis lúdica.</p> <p>Semanalmente realizan traballo das materias que imparten as titoras: Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, C. Sociais, C. Da Natureza, E. Plástica e Valores. Neste tempo de traballo cobran especial importancia o desenvolvemento das competencias TIC e Aprender a aprender. Semanalmente teñen propostas de investigación e, dende que comenzou o confinamento, imos incorporando novas ferramentas e apps para desenvolver o traballo escolar.</p> <p>Resaltamos como moi positivos o foro e os muros interactivos. En ambos casos trátase de espazos que favorecen a interacción entre o alumnado, permitíndolles expresar as súas opinións e inquedanzas e favorecendo a cooperación para investigar e/ou crear.</p> <p>O servizo de mensaxería da plataforma permítenos un contacto fluído entre as titoras e o alumnado. Poden preguntar dúbidas e pódense aclarar por medio de cortas explicacións, vídeos, tutoriais,...</p>
Materiais e recursos	<p>Equipación Edixgal. Plataforma EVA-Edixgal, con todo o que nos ofrece este espazo seguro e privado. Recursos en liña Actividades elaboradas polas titoras. Cadernos e material escolar do alumnado.</p>

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A través de Abalarmóbil, requirindo confirmación de ter recibida a mensaxe. A través do correo electrónico, se así o require algunha familia. Se fora preciso recórrese ao contacto telefónico.
Publicidade	Este documento será obrigatoriamente publicado na páxina web do centro.